

PROXECTO EDA 2008

PRÁCTICA 4

Autores: Edelmiro Gil Díaz e Jesús Castro López

Para a elaboración desta unidade didáctica baseámonos na concepción constructivista da aprendizaxe. Neste proceso constructivo, a actitude que mantén o alumnado e o profesor permite unha aprendizaxe significativa, xa que o protagonista é o alumno, non as matemáticas nin o profesor. Isto garante ademais unha funcionalidade da aprendizaxe, porque o alumno poderá utilizar o aprendido en circunstancias reais ou noutras disciplinas.

Esta unidade está dirixida aos alumnos de 1º de ESO. É o primeiro ano que están neste centro, polo que só coñecemos cá l é o seu nivel a partir da avaliación inicial, xa que estamos a inicios do curso escolar. Proceden de distintos centros e iso vai reflectido nos seus coñecementos previos, así que hai que estar atentos a calquera dificultade que lles poida xurdir, corrixindo inmediatamente para que todos alcancen os obxectivos marcados.

Os alumnos foron repartidos en parellas sendo posible a utilización por cada parella dun ordenador, agás algún alumno que conforme ían pasando as sesións se viu que debía traballar só.

Como xa expuxemos nas prácticas anteriores dedicámonos en primeiro lugar a redactar en galego dúas unidades, complementado unha para que fose máis homoxénea. Así se lles entregou as follas de traballo e despois dunhas poucas explicacións: utilización, manexo, operatividade, etc... comezaron perfectamente a levar eles o traballo da clase.

O alumnado posúe unhas follas coas actividades a realizar, na que indicando os pasos se lles vai seguir. Esta serviralles de guía na súa aprendizaxe, onde combinarán o uso do ordenador, o seu libro de texto para realizar un reforzo de todo o visto e realizado coas unidades de Descartes

reflectindo todo isto no seu caderno de clase. Pretendemos que eles, aproveitando as novas tecnoloxías, aprendan a aprender. Intentaremos que vexan a utilidade do uso do ordenador no ensino e, ao mesmo tempo, fomentar unhas clases máis adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado.

O profesor será sempre unha axuda ante calquera dúbida, e vixiará o correcto uso dos equipos informáticos, facendo fincapé nas vantaxes das novas tecnoloxías. Ademais, hai que controlar o alumnado para que realice correctamente as distintas actividades, axudándoos soamente no estrictamente necesario. Tamén, haberá que ver se se cumpre a temporalización e se se conseguen os obxectivos marcados.

Finalmente pasóuselles a enquisa final aos tres grupos e nese proceso atopámonos. Na práctica 5 realizaremos detalladamente os resultados e a temporalización destas dúas unidades nos tres grupos de 1º de ESO nos que levamos a cabo a experimentación.